

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.  
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA  
NA AC-550. NOIA**

## 1. Obxecto da actuación

O obxecto do proxecto é a xustificación e definición das obras necesarias para a implantación dun itinerario peonil e ciclista paralelo a estrada AC-550, entre os núcleos de Noia, Taramancos e Boa. Con esta actuación perséguese potenciar as viaxes a pé e en bicicleta en detrimento das viaxes a motor, reducindo deste xeito as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera e mellorando a seguridade viaria.

## 2. Plan de Estradas

A estrada convencional AC-550, *Cee (AC-552) - Ribeira (AC-305)*, nos seus treitos comprendidos entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 0+000 a 60+330, 65+090 a 69+490 e 76+210 a 106+570 pertencente á Rede Estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia (RAEG); entre os PP.QQ. 60+330 a 65+090, 69+490 a 73+290 e 106+570 a 107+850 pertence a rede Local da RAEG; e entre os PP.QQ. 73+290 – 76+210 pertence a rede Complementaria da RAEG.

## 3. Descrición da actuación

- A senda executarase en paralelo á estrada AC-550, en dous treitos independentes. O primeiro treito desenvólvese entre os PP.QQ. 74+570 e o 75+635, pola marxe esquerda, comunicando o núcleo urbano de Noia (onde rematan as beirarrúas na actualidade) e o pobo de Taramancos. O segundo treito proxéctase pola marxe dereita e comeza no P.Q. 76+550, nun camiño de terra procedente de Taramancos, e remata no P.Q. 77+090, na baixada á praia de Boa. Na zona da antiga estrada AC-550, entre os PP.QQ. 76+760 e 76+860, a senda discorre en paralelo ao antigo trazado, axustándose ao dominio público existente.
- Executarase unha canle con sumidoiros que levarán as augas a un conduto de pluviais baixo a senda.
- Existen muros de cachotería que se deben desmontar para executalos de novo na mesma posición, pero incrementando a súa altura. Retranqueo do muro de peche de cachotería tradicional dunha vivenda en Taramancos. Ademais, executarase muros de formigón entre os PP.QQ. 76+864 e 76+980, para reducir a ocupación do noiro.
- Execución dun prisma de canalización para alumeado público e outro para telecomunicacións.
- Retranqueo de 4 postes de UFD, 1 poste de Telefónica e 10 postes de alumeado, e soterramento dun treito de 70 m da liña de Telefónica no núcleo de Noia. Axustaranse tamén as cotas de varios pozos e arquetas par adaptalos a senda.
- Traslado da parada de bus existente ao P.Q. 75+440, para mellorar a súa accesibilidade; e substitución da marquesiña.

## 4. Características técnicas

**Sección tipo senda:** senda de uso mixto peonil-ciclista de 2,02 m (incluído bordo estético de formigón de 22 x 15 cm e 1 m de lonxitude) + beiravía de 1,00 m, agás no núcleo urbano de Noia onde se reduce a 0,30 m.

### Firmes:

- **Senda:** 14 cm de pavimento de formigón HF-4,0 bicapa: 6 cm capa superior de cor terriza e os 8 cm restantes sen cor. Empregarase pavimento táctil nos cruces con outras estradas. Colocarase pavimento podotáctil direccional con acanaladuras nos extremos das ramplas e na sinalización das paradas de autobuses, e unha ringleira de pavimento de botóns fronte da parada.

- **Entradas e accesos a fincas:** 20 cm de pavimento de formigón HF-4,0 en cor terriza con malla electrosoldada de 15x15x10.

- **Reposición do firme existente do treito da antiga estrada (entre os PP.QQ. 76+760 e 76+860):** 5 cm de fresado e reposición con mestura bituminosa en quente (MBQ) AC16 surf B50/70 S. Nas zonas de ampliación da calzada, sanearase o terreo e regularizarase a superficie con solo seleccionado + 20 cm de formigón HF-4,0 + 5 cm de MBQ AC16 surf B50/70 S.

### Estruturas:

- Muros que se desmontan e se volven a executar na mesma posición, pero incrementando a altura ata os 2,30 m: un entre o P.Q. 76+556 e o 76+604 e outro entre o 77+025 e 77+046.
- Muros de formigón de 4,50 m altura máxima para reducir a ocupación do noiro: un entre o P.Q. 76+864 e o 76+960, na marxe dereita da senda; e outro entre o P.Q. 76+960 e o 76+980, na marxe esquerda.
- No núcleo de Noia executarase un murete de bordo nos treitos elevados respecto á calzada.

**Drenaxe:** nunha canle paralela á calzada disporanse sumidoiros cada 20 m, que conducirán as augas a un conduto de pluviais baixo a senda. Instalaranse pozos de rexistro cada 60 m como máximo.

### Sinalización, balizamento e defensas.

## 5. Poboación Servida (INE 2025)

Noia 14.123 hab.  
**TOTAL 14.123 hab.**

## 6. Concellos Afectados

Concello de Noia.

## 7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 33 parcelas no concello de Noia, cunha superficie para expropiar de 1.814,00 m<sup>2</sup>.

Orzamento terreos 25.492,00 €  
5% de afección 1.274,60 €  
**Orzamento total expropiacións 26.766,60 €**


## 8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de DEZ (10) meses.


## 9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 1.595.876,83 €  
Orzamento Reposición Servizos Afectados 31.300,00 €  
Orzamento Expropiacións 26.766,60 €  
**Orzamento para Coñecemento da Administración 1.653.943,43 €**


## PLANO DE SITUACIÓN



## SECCIONES TIPO



SECCIÓN SENDA EN DESMORTE



(\*) Entre los PPKK 76+770 y 76+860 la distancia al arcén es variable, ya que la senda discurre por la carretera antigua y se ajusta al límite de las viviendas

SECCIÓN SENDA EN TERRAPLÉN DE ALTURA < 0,7 M